



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

ACTA Nº 8/2025

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALA DE SESIÓNS DA CASA DO CONCELLO, 27 DE NOVEMBRO DE 2025 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do Alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE: ALFREDO DOVALE PEDREIRA

ASISTEN: PP

FRANCISCO JOSÉ CALVÍN FONDEVILA

MIGUEL FREIRE GÓMEZ

ALBA MARÍA MARTÍNEZ LÓPEZ

AZUCENA CAO SIERRA

JOSÉ MANUEL SANTEIRO FERNÁNDEZ

ENRIQUE OTERO REY

PSOE

ALFREDO GONZÁLEZ TRASANCOS

MARTÍN REGO BAAMONDE

SECRETARIA-INTERVENTORA: MARÍA VALIÑA GARRIDO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión anterior, o Sr. Rego Baamonde manifesta “*Votamos en contra basándonos na negación continua para grabar as sesión dos Plenos*”

O Pleno, co voto a favor dos Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do PS de G-PSOE, acorda aprobar a acta da sesión celebrada o día 4 de setembro de 2025.

2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Nº Decreto	Asunto
00264/2025	APROBACIÓN MODIFICACIÓN DE SALDOS INICIAIS DE CONCEPTOS NO PRESUPUESTARIOS
00265/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA PLENO Nº 7/2025



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00266/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN “MULLERES NAS LETRAS” - LER CONTA MOITO 2025
00267/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 11/2025
00268/2025	APROBACIÓN ALTA NO SAF
00269/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA AUDITORÍAS DE ABASTECIMIENTO ENCAMIÑADAS Á ELABORACIÓN DE PLANS DE ACTUACIÓNS PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA.
00270/2025	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES
00271/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 12/2025
00272/2025	APROBACIÓN ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL
00273/2025	APROBACIÓN PAGO DESPRAZAMENTOS SAF
00274/2025	APROBACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTE-RENOVACIÓN ALUMEADO PONTE SOBRE O RÍO SOR E OUTRO-FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2025
00275/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PEÓN LIMPEZA VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS
00276/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00277/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, PLAN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO - MELLORA DA PISTA DE O PORTO VELLO A CURRO DE EGUAS E OUTRAS – PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026
00278/2025	APROBACIÓN COPAGO SAF XULLO 2025
00279/2025	APROBACIÓN SUBVENCIÓN ASOCIACIÓN CULTURAL A BARCA
00280/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE - MELLORA DAS MARXES NO CAMIÑO DA BARCA (MOGOR)
00281/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTIVIDADE CULTURAL.
00282/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTIVIDADE CULTURAL.
00283/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E PLAN XESTIÓN RESIDUOS - ACONDICIONAMENTO E HUMANIZACIÓN RÚA D. FEDERICO MACIÑEIRA E PARDO DE LAMA (O BARQUEIRO)
00284/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 13/2025
00285/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO.
00286/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN POR SUBSTITUCIÓN PAI
00287/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CONTROL CALIDADE - MELLORA DA PISTA DE O PORTO VELLO A CURRO DE EGUAS E OUTRAS (PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026)
00288/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ACTIVIDADE CULTURAL “CHOCOLATE” - REDE CULTURAL 2025



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00289/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SPEAKER PARA III TRAIL 2025
00290/2025	APROBACIÓN ADQUISICIÓN MOCHILAS PARA III TRAIL CONCELLO DE MAÑÓN 2025
00291/2025	APROBACIÓN ADQUISICIÓN TROFEOS PARA III TRAIL 2025
00292/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN CC NORTE PARA III TRAIL 2025
00293/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AMBULANCIA PARA III TRAIL 2025
00294/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AUDIOVISUAL PARA III TRAIL 2025
00295/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN RELATORIO "COIDAR SEN DESCOIDARSE".
00296/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN PROGRAMA A: ADQUISICIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO
00297/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00298/2025	APROBACIÓN AXUDA PARA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SOCIAL
00299/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 14/2025
00300/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE - RENOVACIÓN ALUMEADO PORTO DE BARES- POS+2025
00301/2025	APROBACIÓN BASES E CONVOCATORIA PRAZA CONDUCTOR/A OPERARIO/A
00302/2025	APROBACIÓN ASINACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN CARREIRA POPULAR 2025
00303/2025	APROBACIÓN ASINACIÓN CONVENIO COLABORACIÓN FESTA MARISCO 2025
00304/2025	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES
00305/2025	APROBACIÓN PAGAMENTO DESPRAZAMENTOS SAF
00306/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ILUMINACIÓN DE NADAL 2025
00307/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ILUMINACIÓN E OUTROS PARA A FESTA DO MARISCO 2025.
00308/2025	APROBACIÓN BASES MODIFICADAS E CONVOCATORIA PRAZA CONDUCTOR/A OPERARIO/A
00309/2025	APROBACIÓN COPAGO SAF AGOSTO 2025
00310/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN OBRADOIRO DE CREACIÓN DO MAPA DAS EMOCIÓN S - PACTO DE ESTADO 25/26
00311/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PERSOAL SAF
00312/2025	APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS TÉCNICO AUXILIAR BIBLIOTECA
00313/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PROGRAMA DE ACTIVIDADES CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PACTO DE ESTADO 25/26
00314/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN PRAZA PAI
00315/2025	APROBACIÓN PERMISOS E LICENCIAS DE PERSOAL SETEMBRO E



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

	OUTUBRO 2025
00316/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00317/2025	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE - MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL – FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL 2025.
00318/2025	APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA PERSOAS ADMITIDAS PRAZA CONDUCTOR/A OPERARIO/A
00319/2025	APROBACIÓN ADHESIÓN PROTOCOLO DE COLABORACIÓN
00320/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN TÉCNICO/A AUXILIAR BIBLIOTECA
00321/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PRAZA DE CONDUCTOR OPERARIO
00322/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCIÓN - LER CONTA MOITO 2025
00323/2025	APROBACIÓN AUTORIZACIÓN PARA TRANSMISIÓN DE TÍTULO HABILITANTE PARA PRESTAR SERVIZO DE TAXI.
00324/2025	APROBACIÓN ACTIVIDADE CULTURAL - CONCERTO DE JAMILA CASTILLO
00325/2025	APROBACIÓN ALTA NO SAF
00326/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NAS PRAIAS E PISCINA
00327/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 15/2025
00328/2025	APROBACIÓN CONCESIÓN AXUDA DE EMERXENCIA MFF
00329/2025	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA - FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL (FUNCIONAMENTO)
00330/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN MATERIAL CAMPAÑA 25N DE FARO A FARO 2025/2026
00331/2025	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES
00332/2025	APROBACIÓN ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES
00333/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PROMOCIÓN FESTA DO MARISCO 2025
00334/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN PREGOEIRO FESTA DO MARISCO 2025
00335/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN AMBULANCIA FESTA DO MARISCO 2025
00336/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN EQUIPAMENTO DO XANTAR FESTA DO MARISCO 2025
00337/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS Nº 3/2025
00338/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS MELLORA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN MEDIOAMBIENTAL RIO SOR
00339/2025	APROBACIÓN XERACIÓN DE CRÉDITOS CONSERVACIÓN E MELLORA DO EDIFICIO DO SEMÁFORO E ANEXO



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

00340/2025	APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
00341/2025	APROBACIÓN SOLICITUDE ALTA NO PADRÓN DE HABITANTES
00342/2025	APROBACIÓN CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL Nº 16/2025
00343/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN ORGANIZACIÓN DO MERCADO RURAL FESTA DO MARISCO 2025
00344/2025	APROBACIÓN CONTRATACIÓN SERVIZO DE IMPRENTA FESTA DO MARISCO 2025

3.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2026 (EXPEDIENTE 2025/T004/000001)

Polo Presidente da Comisión Especial de Contas, o Concelleiro Sr. Calvín Fondevila, procédese a dar un resume do Orzamento para o exercicio 2026, informa que “se van a comprar terreos no lavadero de Mogor e ó lado da Obra Pía para colocación de contenedores; compra de mobiliario urbano que é necesario renovar cada certo tempo; compra de bomba para auga potable; que hai que financiar o IVE das obras do Plan de mellora de camiños municipais; unha partida para farolas xa que hai algunhas que están deterioradas; compra de dous depósitos de gasoil homologados e con contador; partida para mobiliario do Centro de saúde; partidas para o acceso ó escolar de Freitido e para o pabellón do colexio para arranxo interior; almacén para o chiringuito da piscina; renovación de equipos informáticos das oficinas; maquinaria para limpeza”

A continuación intervén O Sr. Rego Baamonde quen manifesta “ Encontrámonos con moitos casos de gastos diversos como no 226 e 227; en relación coas inversións falamos que hai escolas que están con teitos con goteiras, hai que mantelas. Vamos a votar en contra, o que nos plantexamos nunca sae, solo o que vosoutros queredes”

Sometido o asunto a votación, co voto a favor dos sete Concelleiros do Partido Popular e o voto en contra dos Concelleiros do P.S. de G-P.S.O.E, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Orzamento Municipal para o exercicio 2026, cunha contía tanto en gastos como en ingresos de DOUS MILLÓNS QUINCE MIL EUROS (2.015.000 euros) asignando a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

Estado de gastos		
Cap.	Denominación	Euros
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.138.400,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	725.700,00 €
3	Gastos financeiros	1.500,00 €
4	Transferencias correntes	15.300,00 €
	1.2 OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	134.500,00 €
Suma total de gastos		2.015.000,00 €



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Estado de ingresos		
Cap.	Denominación	Euros
	1.1 OPERACIÓNS CORRENTES	
1	Impostos directos	459.000,00 €
2	Impostos indirectos	113.700,00 €
3	Taxas e outros ingresos	210.300,00 €
4	Transferencias correntes	1.199.500,00 €
5	Ingresos patrimoniais	32.500,00 €
Suma total de ingresos		2.015.000,00 €

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente as Bases de Execución do Orzamento.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, o cadro de persoal que de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducése de seguido:

FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Posto de traballo	Dot.	Grupo	Nivel	Escala	Subescala	Estado	Situación actual
Secretaría-Intervención	1	A1	28	Habilitación estatal	Secretaria-Intervención	Cuberta	Propiedade
Traballadora Social	1	A2	22	Admón. Especial	Técnica	Cuberta	Propiedade
Administrativo/a	1	C1	17	Admón. Xeral	Administrativa	Vacante	Vacante
Administrativo/a Servizos Sociais	1	C1	17	Admón. Especial	Administrativa	Vacante	Vacante
Auxiliar	1	C2	16	Admón. Xeral	Auxiliar	Cuberta	Propiedade
Auxiliar	1	C2	15	Admón. Xeral	Auxiliar	Cuberta	Propiedade
Auxiliar	1	C2	12	Admón. Xeral	Auxiliar	Vacante	Vacante
Arquitecto Técnico	1	A2	22	Admón. Especial	Técnica	Vacante	Vacante

PERSOAL LABORAL FIXO

Posto de traballo	Grupo	Prazas	Estado	Situación actual
Animadora Sociocultural	III	1	Cuberta	Persoal laboral fixo



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Oficial de Servizos	IV	3	Cuberta	Persoal laboral fixo
Auxiliar Axuda no Fogar	V	6	Cuberta	Persoal laboral fixo
Tecnico/a (PAI)	II	1	Cuberta	Persoal laboral fixo
Auxiliar PAI	V	1	Cuberta	Persoal laboral fixo
Técnico animación deportiva	III	1	Cuberta	Persoal laboral fixo

PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Posto de traballo	Prazas	Xornada	Estado	Situación actual
Auxiliar Administrativo	2	Completa	Cuberta	Persoal laboral temporal
Administrativo (Servizos Sociais)	1	Completa	Cuberta	Persoal laboral temporal
Auxiliar Axuda no Fogar	15	Parcial	Cuberta	Persoal laboral temporal
Auxiliar de Biblioteca	1	Parcial	Cuberta	Persoal laboral temporal

CUARTO.- Que se expoña ó público, durante o prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

QUINTO.- No suposto de que non se presenten reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumida por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello, xuntamente coa plantilla, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo; noutro caso procederase de acordo co previsto no número 2 deste último artigo.

SEXTO.- Que de conformidade co número 4 do mesmo artigo, se remita copia do Orzamento definitivamente aprobado á Delegación Provincial de Economía e Facenda e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

4.- APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 2025/T002/000031, TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS ENTRE APLICACIÓNS DE GASTO DE DISTINTA ÁREA.

Polo Sr. Calvín Fondevila dáse conta do expediente tramitado para a aprobación inicial da modificación de créditos na modalidade de transferencia de créditos., sinalando *“a final de ano sempre hai desfases entre partidas presupuestarias, en unhas sobra e en outras non hai”*

Sr. Rego Baamonde *“O tema das basuras, cada dous meses falamos do tema da basura; costa moito SOGAMA pero é porque non se recicla ben; o que estamos facendo mal é que se botan nos contenedores produtos que non se deben meter; eso tendes que cortarlo”*

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos 2025/T002/000031, na modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións de distintas áreas de gasto co seguinte detalle:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Aplicación		Descripción	Créditos iniciales	Transf. de crédito	Créditos finales
Progr.	Económ.				
160	22100	Alcantarillado. Energía eléctrica.	46.000,00	4.000,00	50.000,00
160	22706	Alcantarillado. Estudios y trabajos técnicos	2.000,00	2.000,00	4.000,00
1621	21400	Recogida de residuos. Reparaciones de elementos de transporte.	7.000,00	6.000,00	13.000,00
1623	22700	Tratamiento de residuos. Trabajos realizados por otras empresas.	41.000,00	14.000,00	55.000,00
1721	21300	Protección y mejora del medioambiente. Reparaciones y mantenimiento de maquinaria.	6.000,00	6.000,00	12.000,00
165	21000	Alumbrado público. Mantenimiento de infraestructuras	35.000,00	3.000,00	38.000,00
165	22100	Alumbrado público. Energía eléctrica.	33.000,00	10.000,00	43.000,00
920	12001	Administración general. Sueldos del grupo A2.	15.950,00	-15.000,00	950,00
920	12003	Administración general. Sueldos del grupo C1.	12.200,00	-12.000,00	200,00
920	12004	Administración general. Sueldos del grupo C2.	40.000,00	-8.000,00	32.000,00
920	16000	Administración general. Seguridad Social.	63.000,00	-10.000,00	53.000,00

SEGUNDO.- Expoñer ó público a expediente mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello polo prazo de quince días hábiles, durante os que os interesados poderán examinar e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira, para a realización dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOLICITANDO Ó CONCELLO DE MAÑÓN A CESIÓN DOS RESTOS DA BASE MILITAR AMERICANA DE ESTACA DE BARES.

O Portavoz do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, Sr. Rego Baamonde, procede á lectura da moción presentada que se transcribe íntegramente:



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es



Grupo Provincial Socialista

Moción que presenta o Grupo Municipal do PSde-PSOE Mañón solicitando ao Concello de Mañón a cesión dos restos da base militar americana de Estaca de Bares

O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Mañón, ao amparo do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales desexa someter á consideración do Pleno do concello de Mañón a seguinte MOCIÓN.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reza a descrición da páxina web da Rede Natura que na carta de presentación da punta Estaca de Bares sempre se inclúen as súas coordenadas como punto máis setentrional da península Ibérica e que é, ademais, divisoria xeográfica entre o océano Atlántico e o mar Cantábrico.

A esta situación estratéxica debe gran parte da súa fama internacional como paso obrigado para centos de miles de aves. Neste punto converxen varias rutas migratorias de especies mariñas e terrestres procedentes do Atlántico, Mediterráneo e o Ártico. Pero nesta área protexida, que xa fora declarada Sitio Natural de Interese Nacional na II República, ademais das aves, diversos muíños e do peirao prerromano de Bares (posiblemente fenicio), pódense observar actualmente uns edificios en estado ruinoso, correspondentes a unha antiga base militar estadounidense, que destacan negativamente entre todo o conxunto do enclave.

Durante a Guerra Fría, o goberno de Estados Unidos de Eisenhower e o réxime de Franco asinaron unha serie de acordos de colaboración, a través dos cales o país americano obtivo permiso para instalar unha serie de bases militares en territorio español, ademais de algúns postos de comunicacións, entre os que destacaba o de Estaca de Bares, en Mañón.

A súa construción, xusto ao lado do Faro de Estaca de Bares, levouse a cabo en 1960, sendo o seu primeiro comandante o capitán Rober Palmer. Esta pequena base militar formou parte, nos seus primeiros anos de servizo, do sistema LORAN de comunicacións no Atlántico Norte, con dous enlaces xemelgos localizados en Francia (Estación de Porspodor) e en Reino Unido (Estación de East BlockHouse, Gales). A finalidade última de Estaca de Bares era ser o respaldo nas comunicacións en caso de caída do sistema principal da cadea LORAN.

En primeira instancia, e ata 1977, estas instalacións dependeron do mando da Guardia Costeira dos Estados Unidos, pasando despois a ser transferida á Forza Aérea ata 1991. Neste segundo período deixouse de operar co sistema de comunicacións anterior e pasou a formar parte da Misión Pulsera de Seda, unha serie de radios e multiplexores cuxa misión



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

era activar as defensas nucleares estadounidenses dende o aire en caso de un ataque soviético eliminara os centros de mando en terra.

A Forza Aérea realizou unha ampliación das instalacións e a súa mellora, chegando a ter no seu pico de actividade cine, tendas propias, pista de squash, sauna, miradoiro, ximnasio, edificios de aloxamento para tropa e oficiais, entre outros. Durante os anos en que estivo operativa, a convivencia entre o persoal americano destinado na base e a veciñanza da vila mariñeira de Estaca de Bares foi común, facendo do enclave dun pioneiro punto de encontro coas modas e novas estranxeiras, así como o primeiro contacto de moitos veciños e veciñas coas ideas democráticas, nun período no que España aínda estaba a abrirse ao mundo de novo timidamente trala autarquía decretada polo réxime franquista nos anos 40 e 50.

Finalmente, tras 40 anos de actividade, en 1991, as instalacións desmanteláronse por obsoletas, pasando a ser titularidade do Ministerio de Defensa do Goberno de España, que intentou vendelas sen éxito, sufrindo nos seguintes anos abandono e saqueo. Houbo un proxecto de facer un albergue nas instalacións que non se chegou a executar, e o abandono persiste. Actualmente é o Concello de Mañón o que xestiona os terreos.

Neste senso, dende o Grupo Municipal Socialista de Mañón cremos que este antigo emprazamento militar podería formar parte da rede de baterías militares que está a poñer en valor a institución da Deputación provincial da Coruña a través do Plan específico de Recuperación e Posta en Valor das Baterías de Costa de Ferrolterra.

Durante este ano 2025 a Deputación provincial da Coruña asinou diferentes convenios de colaboración cos concellos de Valdoviño, Ares e Ferrol para rehabilitar as baterías de defensa de costa situadas nestes concellos e impulsalas como valor turístico gracias ao seu peso histórico e cultural. De igual xeito, entendemos que os restos da base militar americana de Estaca de Bares encaixan nos obxectivos de dito Plan de Recuperación, e que poderían axudar a revalorizar, á súa vez, ao Entorno Natural Protexido no que descansan os 65.000 metros cadrados adicados á base militar.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Mañón propón a adopción dos seguintes acordos:

1. Solicitar ao concello de Mañón a cesión dos terreos nos que se asentan os restos da Base Militar Americana de Estaca de Bares á Deputación da Coruña, para a súa inclusión no Plan de Recuperación e Posta en Valor das Baterías de Costa de Ferrolterra da administración provincial.

Mañón a 25 de Novembro de 2025

Martín Rego Baamonde
Portavoz do PSdeG-PSOE Mañón



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

A continuación o Sr. Rego Baamonde manifesta “ *Esta Base Americana comprouse fai uns anos, costou uns 76.000 euros; posteriormente preguntamos que se iba a facer, falamos de poder metelo aquí e dixeches que tiñades outros proxectos sorpresa; ata tes dito -dirixíndose ó Sr. Alcalde- que non llo tiñas comunicado ós teus compañeiros; no Pleno de setembro dixeches que falaras co Presidente da Deputación que falou de metelo no Plan de baterías de costa*”

Sr. Calvín Fondevila: “*Había un proxecto da Universidade*”

Sr. Alcalde: “*O Presidente da Deputación viña a dicirnos que si cediamos os terreos , logo volverían ó Concello*”

Sr. Rego Baamonde: “ *O proxecto era cando a Base Americana aínda tiña paredes e despois na antiga lexislatura a Rosende lle dixo porque non se volvía a falar con Valentín de incluíla nas baterías de costa*”

Sr. Alcalde: “*O que se pode plantexar é iniciar os trámites para xestionar coa Deputación, non ceder sen saber o gasto que vai; hai que estudar o tema e non crear unha carga mais; saber o que se pode facer*”

Sr. Rego Baamonde: “*Aquí podían estar firmados tamén pero a negativa foi vosa*”

Sr. Alcalde: “*O caso é tirar para adiante*”

Sr. Calvín Fondevila: “ *Se eles están de acordo ningún deste Pleno está en contra de deixalo en mans da Deputación*”

Sr. Alcalde: “*Non nos estamos negando pero, primeiro, hai que saber o que se pode facer*”

Sometido o asunto a votación, o Pleno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar iniciar os trámites coa Deputación da Coruña, solicitando unha entrevista co Presidente para estudar as diferentes posibilidades de colaboración entre as dúas Administracións con respecto á Base Americana de Bares, nos que se inclúa unha posible cesión dos correspondentes terreos.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Deputación da Coruña ós efectos oportunos.

TERCEIRO.- Facultar ó Sr. Alcalde, Alfredo Dovale Pedreira, para a celebración dos actos e a sinatura dos documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Iniciado o turno de rogos e preguntas o Sr. Alcalde concede a palabra e inicia as intervencións o Sr. González Trasancos que formula as seguintes:

- “*Agradecer o da mesa*”.

- “*Luz no muelle, quedou moi inclinada, facía falta que a foran graduar un pouco*”

Sr. Alcalde: “*Dixéronme que tiña que ser así; pásalle o mesmo á do Barqueiro*”

- Sr. González Trasancos: “*Onde están os contenedores reclamaron unha luz para alí*”

Sr. Alcalde: “*A empresa que vai a facer a obra*”

Sr. González Trasancos: “*Este ano non a van a facer*”

Sr. Alcalde: “*A min dixéronme que si*”

Sr. González Trasancos: “*Agora será cuestión de días*”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

- Sr. González Trasancos: “ *Facía falta un radiador para o local e arranxar o wifi*”
- Sr. González Trasancos: “ *Camiño dos Arrieiros, falouse de facer un mural; cando facemos unha proba márcase cada día , se seguimos así dentro duns anos está todo o pobo marcado*”
- Sr. González Trasancos pregunta: “ *Semáforo de Bares, para cando*”
Sr. Alcalde: “ *Chegou agora o último permiso*”
- Sr. González Trasancos: “ *Goteiras no Centro de Saúde*”
Sr. Alcalde: “ *Non sabemos por onde ven, temos que seguir buscando*”
Sr. Rego Baamonde: “ *Que no medio do Centro de Saúde haxa unha goteira, moi lóxico non parece*”
Sr. Alcalde: “ *Non se pode arranxar unha cousa sen saber de onde ven*”
Sr. Rego Baamonde: “ *A goteira está ahi e hai que solucionalo*”
- Sr. González Trasancos: “ *Haberá que poñer carteles nos contenedores da basura; os contenedores de cartón ten unha boca moi pequena, pedir uns de boca ancha*”
Sr. Alcalde: “ *O cartón hai que plegalo, por eso ten unha boca estreita*”

A continuación inicia as intervencións o Sr. Rego Baamonde que formula as seguintes:

- “ *O Pleno pasado presentouse unha proposta para solicitar a ITV*”
Sr. Alcalde: “ *Non houbo contestación*”
Sr. Rego Baamonde pregunta “ *En dous meses non houbo contestación*”
- Sr. Rego Baamonde: “ *A residencia da terceira idade, como está, hai financiación ou non*”
Sr. Alcalde: “ *Por agora non hai nada*”
- Sr. Rego Baamonde: “ *Levamos 16 ou 17 meses co tema da AC 101, canda haxa un accidente levaremos as mans á cabeza*”
- Sr. Rego Baamonde: “ *Ordenanza forestal, no último pleno díxeches que polos pelos non a trouxerades*”
Sr. Alcalde: “ *Non demos a máis*”
Sr. Rego Baamonde: “ *É o de sempre*”
- Sr. Rego Baamonde: “ *Recollida da basura, hai visión para o dos plásticos agrícolas*”
Sr. Alcalde: “ *O outro día falei cun señor e díxome que había que levalo As Pontes e entón habería que abonalo polos gandeiros*”
Sr. Rego Baamonde: “ *A recollida de plásticos agrícolas é gratuíta*”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Alcalde: “ O noso camión recollería os plásticos pata levalos a planta de reciclaxe, quedaron de pasarme prezos”

Sr. Rego Baamonde: “ Que se vaia cobrar pola reciclaxe cando xa ten un prezo cando se compra non me parece normal”

- Sr. Rego Baamonde: “Problemática da auga que tivemos nas Grañas; a pesar de eso non se comunicou a ningún veciño de que se ía a cortar a auga, comunicouse un día despois, no resto publicouse con anterioridade; ó día seguinte de cortar a auga publicouse o bando”

- Sr. Rego Baamonde: “ Carretera que vai dende Arganzo ata Currodeguas, se non me falla a memoria era ata o Campo de Pedrón; xa vos levo falando varias veces do ancho da vía, esa vía tuvo cinco metros sempre e agora que pasan vehículos de máis dimensión é de catro metros, os veciños cederon cinco metros, pero é mías barato facer un metro menos; o sobreancho non habería que facelo, non había que degradalo; quería enseñarche detalles de ata onde chegaba a vía pero non queres velo; facer menos metros e recuperar o ancho de antes”

- Sr. Rego Baamonde: “ Ponte do Porto hacia Negradas, temos unha ponte emblemática no Concello pero está cuberta de silvas, de herbas”

Sr. Alcalde pregunta “Quen estivo amañando esa ponte sempre”

Sr. Rego Baamonde pregunta “ Porque non se lle esixe responsabilidade ó Concello de O Vicedo porque alí hai un cartel; por uns ou por outros a Ponte está como está”

- Sr. Rego Baamonde: “Tractor, convenio con SEAGA, cal é a razón de que ese convenio sexa sólo de palabra”

Sr. Alcalde: “Estamos sempre coa mesma historia, que queres que non traballe”

Sr. rego Baamonde: “Cal é o problema, non comprendo como un Convenio sexa solo de palabra; pódese facer un Convenio na Administración Pública de palabra?”

Sr. Gómez Freire: “ O tractor está localizado”

Sr. Rego Baamonde: “ As pistas límanse cando veñen os turistas”

Sr. Alcalde: “Os tractores están traballando sempre”

Sr. Rego Baamonde: “Temos un morto ahí que non se sabe de quen é”

- Sr. Rego Baamonde, pregunta: “ Centro de saúde, temos un grupo electrógeno para cando haxa un corte de enerxía; non sería interesante telo?

Sr. Alcalde: “Tamén ten que ter onde ubicalo; o mellor é interesante ter un grupo para as emerxencias”

- Sr. Rego Baamonde: “Carretera que vai a Cuadrilla de Arriba, volve a estar bastante furada; as carreteras hai que mirar delas cando se fagan; cando se fagan que se invirta axeitadamente; non controlades as obras ; podedes decir misa pero non as controlades”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Alcalde: “ Os que certifican miran as obras”

Sr. Rego Baamonde: “ Miran que estean feitas pero non como están feitas”

- Sr. Rego Baamonde: “ Luces públicas fundidas, hai catro ou cinco en Currodegas sen funcionar”

Sr. Alcalde: “Hoxe estiveron arriba”

- Sr. Rego Baamonde: “Luces públicas, cando se van a repoñer as que van na vía do tren”

Sr. Alcalde: “Están ahí para colocalas”

- Sr. Rego Baamonde: “ II Trail , cantos participantes”

Sr. Alcalde: “ O ano pasado 120 participantes, este ano 180”

Sr. Rego Baamonde: “ Estabamos en contra da baixada do río Sor, non había ningún clube apoiando; tendes interés en algún clube de atletismo”

Sr. Alcalde: “ Agora hai xente do Concello que participa”

Sr. Rego Baamonde, pregunta: “Non sería interesante un clube de atletismo?”

Sr. Calvín Fondevila: “ O tema do trail non solo é o tema deportivo, trae tamén xente ó Concello”

Sr. González Trasancos: “ Para eso ten que mollarse o Concello; o outro día preguntaron en Bares si se quería facer un clube de atletismo”

- Sr. Rego Baamonde, pregunta “ No Concello hai un protocolo sobre animais abandonados”

Sr. Alcalde: “É competencia do Concello”

Sr. Rego Baamonde: “Non se recolleu un can abandonado”

- Sr. Rego Baamonde: “Pelei varias veces e este ano, por fin, dise que a Festa do Marisco a organiza o Concello; cantos cartos hai este ano para a Festa?”

Sr. alcalde: “ 50.000 euros, unha subvención da Xunta de 16.000 euros”

Sr. Rego Baamonde: “Xa lle toca 50 euros a cada veciño”

Sr. Alcalde: “Tamén hai ingresos”

- Sr. Rego Baamonde pregunta “ Que número de traballadores hai agora mesmo no Concello”

Sr. Alcalde: “Sobre cincuenta”

Sr. Rego Baamonde, pregunta: “No vrao hai mais”

Sr. Alcalde: “Aumenta en vinte ou vinte e cinco”

- Sr. Rego Baamonde: “Seguimos sen ser convidados cando hai algo organizado polo Concello; unhas veces podemos ir, outras non pero convidarnos deberíades facelo”

- Sr. Rego Baamonde: “Solicítouse que os soldos se publicaran nos taboleiros de anuncios físicos do Concello”

Sr. cavín Fondevila: “ Están no Portal de transparencia do Concello”



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón n.º 1, 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 98141451

correo@manon.es; www.manon.es

Sr. Rego Baamonde: *“Nos taboleiros de anuncios non estiveron nunca; vanse expoñer ou non?”*

Sr. Alcalde: *“Por mín non hai problema”*

Ás 21:50 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Concello de Mañón, coa data da sinatura electrónica.

A secretaria, Dna. María Valiña Garrido

O alcalde, D. Alfredo Dovale Pedreira